

EXERCICIOS RESOLTOS 4º ESO. SEMANA DO 11 AO 14 DE MAIO

1ª SESIÓN

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

EXERCICIOS PÁX. 194-195

1.

1: Ferraxaría	2: Chacinaría	3: Peixaría	4: Floraría
5: Lenzaría	6: Salón de peiteado	7: Confeitaría	8: Mercerí

9: Papelaría

2.

- Venda a baixo prezo que fai un establecemento por cesamento da actividade: liquidación.
- Restos dunha mercadoría que se venden con rebaixa para esgotalos: saldo.
- Venda de produtos a un prezo máis baixo do que viñan tendo: rebaixas.
- Produtos que se ofrecen co prezo rebaixado: oferta.
- Recibo acreditativo da recepción de mercadorías: albará. – Documento onde se especifica o prezo das mercadorías vendidas: factura.
- Escrito ou documento que serve como proba da realización dun traballo, compra etc.: comprobante.
- O que resulta de contabilizar o valor dos recursos empregados na produción dun ben: prezo de custo.
- Cartos que hai que pagar para mercar un obxecto: prezo de venda.

3.

Escaleiras mecánicas	Aparcadoiro para 500 vehículos
Ascensores	Parada de taxi
Accesibilidade para persoas discapacitadas	Parada de autobús
Aseos	Punto de información
Aseos para persoas discapacitadas	Xestión de obxectos perdidos
Cambiador de cueiros	Atención de suxestións e queixas

Caixeiros bancarios

Bolsa de emprego

Farmacia

Seguridade

4.

– **Bricolaxe, xardinaría:** cicel, luvas, andel, desaparafusador, rolo, céspede, dalia, pa, alcaiate. – **Fogar:** sabas, luvas, lavalouzas, pano de mesa.

– **Bebé:** cueiro, babeiro, patuco, berce, axóuxere, chupeta.

– **Muller,** home: blusa, americana.

– **Bixutaría,** complementos: fular, gravata, sortella, luvas, pano (da man), brinco.

– **Imaxe e son:** xilófono, harmónica, fruta.

Nota: As luvas poden estar na sección de «Bricolaxe, xardinaría», «Fogar» ou «Bixutaría, complementos», dependendo da súa función.

3ª SESIÓN

EXERCICIOS PÁX. 201

1. **Haber** haiche moita xente. **A ver** se atopamos un bo lugar dende o que poidamos ver ben o escenario. **A ver aí?** Parece que hai algún sitio libre... **Aí,** non! Están reservados. **Hai** que ir máis para atrás. **Aí** ao fondo si que pode **haber.** **A ver...**, parece que si! **A ver** se non nolo quitan!

3.

– Está aí a avogada que ten no seu haber as probas máis consistentes da investigación.

– Aí non hai quen entre. Debe haber máis de vinte anos que ninguén atravesa esa porta.

– A ver se este verán imos á Illa de Ons, porque hai unhas rutas estupendas para pasear.

– Ai, que mareo me acaba de dar. A ver se me foi sentar mal o xantar.

– A ver se te fixas por onde vas, que hai moita xente camiñando pola rúa.

4. Subliñamos os erros:

- A opción b) é a correcta: A ver, hai que nomear alguén que se encargue de estar aí na entrada cando chegue o público, porque esta noite vai haber cheo.

a) Haber, ai que nomear alguén que se encargue de estar aí na entrada cando chegue o público, porque esta noite vai a ver cheo. – Haber: Verbo que significa 'existir', 'ter lugar' ou 'estar presente'. O correcto é a ver, co significado de 'vexamos'. – Ai: Exclamación que denota dor, queixa, susto, aflición etc. O correcto é: hai. – Vai a ver: A perífrase «ir + infinitivo» non leva elemento de relación e ademais o infinito non é do verbo ver, senón do haber. O correcto é: vai haber.

- A opción a) é a correcta: Na oficina non hai café, que vai haber? Para tomar algo hai que ir até aí adiante.

b) Na oficina non hai café, que vai a ver? Para tomar algo aí que ir até aí adiante. – Vai a ver: A perífrase «ir + infinitivo» non leva elemento de relación. – Aí: Exclamación que denota dor, queixa, susto, aflición etc. O correcto é: hai.

- A opción b) é a correcta: Asegúroche que estaban aí até hai menos de cinco minutos. A ver, se cho digo é porque así; que outro motivo ía haber? a) Asegúroche que estaban haí até aí menos de cinco minutos. A ver, se cho digo é porque así; que outro motivo ía haber? – Haí: forma inexistente en galego. O correcto é: aí. – Aí: Exclamación que denota dor, queixa, susto, aflición etc. O correcto é: hai.